

Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Ordenanzas e Regulamentos**

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓN. EXPEDIENTE 142483/210. (EXPTE. PLENO 5553/1101)

JOSE VILLÁN FUERTES, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO,

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día 27 de xullo de 2026, adoptou o seguinte acordo,

5. ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓN. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPEDIENTE 142483/210. (EXPTE. PLENO 5553/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 20 de xullo do 2026, o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, co conforme da concelleira delegada da Área, emiten o seguinte informe proposta,

“ANTECEDENTES

Primeiro.- O 15 de xullo de 2026 a Secretaria do Goberno Local expide certificado por orde e co visto e praxe da Concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal que di

“CERTIFICO:

Que o Pleno desta corporación municipal, en sesión ordinaria de 25 de maio de 2026, aprobou inicialmente a Ordenanza municipal reguladora das zonas de baixas emisións (expte.: 142483/210), establecendo, ademais, a súa exposición pública no taboleiro municipal entre as datas 28/05/2026 e 10/07/2026 para a súa consulta e presentación de alegación a dita ordenanza.

Que durante o prazo sinalado de exposición pública, e consultado o rexistro electrónico (por palabras e número de expediente) deste Concello, consta que se presentaron as seguintes alegacións:

1. María Carmen González Santorio (**5061**). Doc. Núm.: 260135809 de 01/06/2026.
2. Asoc. Prof. De compañías privadas de servicios de seguridad APROSER (G28867406). Doc. Núm.: 260141554 de 05/06/2026.
3. Alicia Rivas García (**1985**). Doc. Núm.: 260179112 de 26/06/2026.
4. AECA-ITV (G78425550). Doc. Núm.: 260179360 de 26/06/2026.



Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

5. AECA-ITV (G78425550). Doc. Núm.: 260179993 de 29/06/2026.

6. Abel García García (***6550**). Doc. Núm.: 260185807 de 05/07/2026.

7. Asoc. CLUSTER da Función loxística de Galicia (G94194594). Doc. Núm.: 260191377 de 10/07/2026.

E para que conste, e para os efectos de unilo ao seu expediente, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Concelleira de Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, en Vigo na data que figura ao marxe do

documento asinado electrónicamente.”

Segundo.- De conformidade co establecido no artigo 80 do Texto Consolidado do Regulamento Orgánico do Pleno, tras a aprobación inicial o 28 de maio de 2026 devolveuse o expediente á Área de Goberno de Seguridade para continuar coa súa tramitación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Do obxecto da proposta

En aplicación do disposto no art. 80 do Regulamento Orgánico do Pleno procédese á elaboración da seguinte proposta técnico-xurídica de resolución sobre as alegacións presentadas ao articulado do texto aprobado inicialmente.

Segundo.- Do contido das alegacións presentadas.

Todas as alegacións presentadas interesan a modificación parcial do texto articulado aprobado inicialmente.

Non obstante, o seu contido de fondo resulta sustancialmente diferente, polo que os motivos trátaranse de forma sistemática cara a súa estimación ou desestimación.

Terceiro.- Da alegación relativa á prestación de servizos privados específicos no interior das zonas de baixas emisións.

MOTIVO

D^a. María Carmen González Santorio presenta alegación na que solicita a acollida nos supostos de autorizacións especiais do artigo 8 do caso das persoas que prestan servizos privados de limpeza nos edificios das zonas de baixas emisións, argüindo que os vehículos das traballadoras do sector non cumpren por razóns económicas e as empresas tampouco o facilitan.



Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

RESPOSTA

Co grao de xeneralidade con que se formula este motivo de excepción, a súa estimación conduciría, na práctica, a permitir o acceso de calquera outros servizos susceptibles de ser prestados.

Iso desvirtuaría a propia finalidade da medida, ao baleirar de contido as restricións de acceso que constitúen a súa esencia, sen que se aprecie un fundamento obxectivo e razoable que xustifique unha excepción de tan amplo alcance.

Actualmente, esta materia é obxecto obrigatorio da negociación colectiva (art. 85.1 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores -RDL 2/2025- na súa redacción dada pola D.F. terceira da Lei 9/2025 de 03 de decembro de Mobilidade Sostible).

PROPOSTA

Desestimar a alegación.

Cuarto.- Da alegación relativa á inclusión dos servizos privados de seguridade.**MOTIVO**

A Asociación Profesional de Compañías Privadas de Servizos de Seguridade (APROSER) á vista do texto articulado aprobado inicialmente polo Pleno, entende que a súa actividade está recollida no artigo 8.6.

Con invocación de especial interés aquí da Lei 5/2014 de Seguridade Privada, solicita a consideración da súa actividade aos efectos da ordenanza como servizo público esencial do artigo 7 e).

Alternativamente, que a súa inclusión no artigo 8 contemple a mención específica dos vehículos de seguridade privada, especialmente os dedicados ao transporte de fondos e xestión de efectivo.

E, en todo caso, que se manteña a previsión do artigo 8.6

RESPOSTA

Leva razón APROSER na consideración da inclusión da súa actividade, perfectamente definida na Lei 5/2014, no apartado 8.6 do texto articulado da ordenanza.

Non é precisa a mención específica no artigo dos vehículos de seguridade privada, entendemento ao que presta cobertura a interpretación sistemática do artigo 1 da citada lei en relación cos artigos 1.2 e 8.6 da ordenanza.

PROPOSTA

Desestimar a alegación.



Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

Quinto.- Das alegacións relativas á Inspección Técnica de Vehículos (ITV).**MOTIVO**

A Asociación Española de Entidades Colaboradoras de la Administración en la Inspección Técnica de Vehículos (AECA-ITV) presente por triplicado alegacións ao texto articulado inicialmente aprobado (docs. 260179112, 260179360, 260185807).

Baixo o lema de que zonas de baixas emisións e ITV deben ir da man, propón

i) que se estableza a obrigatoriedade de ter superada a ITV para acceder ás zonas de baixas emisión, aínda que se dispoña dunha autorización previa, e

ii) que se permita o acceso ás zonas de baixas emisións aos vehículos sen a etiqueta ambiental correspondente cando o propósito sexa acceder a unha estación ITV.

Invoca como fundamento normativo da proposta o artigo 10 do Real Decreto 2822/1998 do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos e o artigo 4 do Real Decreto 920/2017, do 23 de outubro, polo que se regula a inspección técnica de vehículos.

RESPOSTA

Dado o ámbito regulado das catro zonas creadas, unicamente presenta interés real e práctico a eventual prohibición de acceso por non someterse, ou non ter superado, os vehículos a inspección técnica obrigatoria.

Os artigos 5.2, 10.2, 15 do Real Decreto 1052/2022 do 27 de decembro, polo que se regulan as zonas de baixas emisións, que se ditan ao amparo da competencia exclusiva do Estado en materia de tráfico e circulación de vehículos a motor, contemplan un único motivo para as restriccións de acceso ás zonas de baixas emisións: a etiqueta ambiental do vehículo.

A etiqueta ambiental é un produto regulamentario vinculado á normativa europea de emisións contaminantes (apartado E do Anexo II do Real Decreto 2822/1998), totalmente desconectado neste extremo do obxecto da inspección técnica obrigatoria do Real Decreto 920/2017.

A ordenanza municipal carece notoriamente de competencia para regular unha materia reservada ao Estado.

PROPOSTA

Desestimar a alegación.

Quinto.- Da alegación relativa ás rúas perimetráis.**MOTIVO**

D. Abel García García solicita a extensión da autorización de acceso ás persoas domiciliadas ou empadroadas nas rúas perimetráis.



Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

Parte da idea inicial dunha confusión conceptual no texto articulado aprobado inicialmente entre as locucións “espazo interior” e “ámbito territorial”.

Considera que non incluír a autorización de acceso aos veciños das rúas perimetrais implicaría privarles do seu “contorno residencial, veciñal e de servizos” en contradición co obxecto da ordenanza de garantir a vida normal das persoas no seu entorno vital.

Considera vulnerado o principio de proporcionalidade, previsible o deterioro das condicións de estacionamento para os potenciais patrocinados na proposta, e un trato desigual inxustificado entre veciños.

RESPOSTA

O texto articulado aprobado inicialmente non presenta ningunha confusión de significado do seu ámbito regulado.

A expresión “ámbito territorial” refírese sempre ao perímetro interior (artigo 6, Anexo).

A selección das catro zonas de baixas emisións creadas responde aos criterios do proxecto definitivamente aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de decembro de 2025 en cumprimento do mandato establecido no art. 10 do Real Decreto 1052/2022, previa información pública do artigo 11.

A definición das zonas respondeu en todo caso aos criterios técnicos definidos no Anexo I letra A do Real Decreto 1052/2022.

PROPOSTA

Desestimar a alegación.

Sexto.- Das alegacións relativa á incidencia da ordenanza de carga e descarga.

MOTIVO

O Clúster da Función Loxística de Galicia, tras recordar que tiña presentado alegacións ao proxecto parcialmente atendidas no texto articulado da ordenanza, propón

i) a supresión no artigo 9.1 do texto articulado da ordenanza da mención específica á ordenanza de carga e descarga vixente, por razón da eventual modificación ou derogación da mesma para a aprobación doutra de nova planta en aplicación do establecido na Disposición adicional segunda do texto articulado aprobado inicialmente que di

“Disposición adicional segunda. Actuacións non eido dá distribución urbana de mercadorías.

Á vista da entrada en vigor da Lei 9/2025 de 3 de decembro de Mobilidade Sostible, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor da presente ordenanza a Xunta de Goberno Local impulsará en colaboración coas asociacións representativas da actividade do transporte urbano de mercadorías, actuacións conducentes a analizar e avaliar a adecuación do sistema actual ás



Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

necesidades dunha mobilidade sostible para unha economía igualmente sostible (art. 2 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sostible)."

ii) A inclusión no artigo 9.3 do texto articulado dos vehículos con distintivo ambiental ECO e 0.

iii) A participación do Clúster da Función Loxística de Galicia nos actos de execución do disposto na citada Disposición adicional segunda.

RESPOSTA

A cita da ordenanza vixente aporta claridade e seguridade, e a pretendida rixidez non é tal con tal de reparar en que a vocación indefinida de toda disposición xeral non implica a súa perpetuidade (art. 2.2 do Código Civil).

Non procede a inclusión no artigo 9.3 dos vehículos con etiqueta ECO e 0 porque estes non son obxecto da ordenanza aprobada inicialmente (art. 3).

A participación do Clúster da Función Loxística de Galicia no desenvolvemento do establecido na Disposición adicional segunda é un escenario previsible e desexable de pura execución da ordenanza tras a súa aprobación definitiva.

PROPOSTA

En mérito de canto se deixou exposto, no exercicio das facultades que me corresponden segundo o establecido no art. 80 do Regulamento do Pleno, e previo ditame da Comisión Informativa competente, veño en propoñer ao Pleno da Corporación:

Desestimar todas as alegacións e suxerencias ao texto articulado aprobado inicialmente presentadas no periodo de información pública do art. 49 da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local."

Á vista dos feitos e fundamentos de dereito expostos, propónse ao Pleno da Corporación Municipal a adopción, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, do seguinte.../...

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, na súa sesión extraordinaria e urxente do 21.07.26, ditamina favorablemente a proposta.

Con data 23 de xullo, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Perez Iglesias, presenta no Rexistro electrónico do Pleno expediente 5568/1101, VOTO PARTICULAR, que se someterá a votación.



Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN VOTO PARTICULAR DO BNG (5568/1101):

- Votos a favor: tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Votos en contra: vinte e catro (24), dos membros do grupo municipal Socialista (19), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- Abstencións: Non houbo.

ACORDO

Con tres (3) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, vinte e catro (24) votos en contra, dos membros do grupo municipal do PSOE (19) e mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do PP, o Pleno da Corporación rexeita o voto particular presentado no Rexistro do Pleno, nº 5568/1101, con data de entrada o 23 de xullo de 2026, polo voceiro do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN ASUNTO DITAMINADO:

- Votos a favor: dezanove (19) dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia.
- Votos en contra: oito (8), dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Abstencións: Ningunha.

ACORDO

Con dezanove (19) votos a favor, dos membros do grupo municipal Socialista, e oito (8) votos en contra, dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5) e do grupo municipal do BNG (3), o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo,

“Primeiro: Desestimar, con base no informe-proposta emitido polo Xefe de Área de Seguridade e Mobilidade transcrito na parte expositiva deste acordo e previo ditame da correspondente Comisión Informativa, todas as alegacións e suxerencias ao texto articulado aprobado inicialmente



Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

presentadas no periodo de información pública do art. 49 da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local, que se indican a continuación:

1. María Carmen González Santorio (***5061**). Doc. Núm.: 260135809 de 01/06/2026.
2. Asoc. Prof. De compañías privadas de servicios de seguridad APROSER (G28867406). Doc. Núm.: 260141554 de 05/06/2026.
3. Alicia Rivas García (***1985**). Doc. Núm.: 260179112 de 26/06/2026.
4. AECA-ITV (G78425550). Doc. Núm.: 260179360 de 26/06/2026.
5. AECA-ITV (G78425550). Doc. Núm.: 260179993 de 29/06/2026.
6. Abel García García (***6550**). Doc. Núm.: 260185807 de 05/07/2026.
7. Asoc. CLUSTER da Función loxística de Galicia (G94194594). Doc. Núm.: 260191377 de 10/07/2026.

Segundo: Aprobar en consecuencia definitivamente a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS DO CONCELLO DE VIGO (Expte: N°142483/210), co texto que se transcribe ao final deste acordo.

Terceiro: Ordenar a publicación do texto íntegro da Ordenanza aprobada no Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor conforme ao establecido no art. 70.2 en relación cos artigos 57.1 e 65.2 todos da Ley 7/1985 de Bases do Réxime Local.

Cuarto.- Ordenar, asimesmo, a súa publicación na páxina web do Concello de Vigo.”



Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

Índice

CAPÍTULO I. Disposicións Xerais	12
Artigo 1 Obxecto	12
Artigo 2 Actividade regulada	13
Artigo 3 Réxime temporal de entrada en vigor	13
Artigo 4 Réxime de utilización	13
CAPÍTULO II	13
Artigo 5 Delimitación	13
Artigo 6 Réxime xeral	14
Artigo 7 Autorización xeral	14
Artigo 8 Autorizacións especiais	14
Entenderase comprendido neste ordinal, en todo caso, o acceso ás reservas de estacionamento hoteleiras exclusivamente para a actividade de control e saída de clientes	15
Artigo 9 Carga e descarga de mercadorías	15
CAPÍTULO III	16
Artigo 10 Sistema de Xestión de Accesos	16
Artigo 11 Sinalización das zonas de baixas emisións	16
Artigo 12 Etiqueta ambiental	16
Artigo 13 Sistema de vixilancia e control	16
CAPÍTULO IV	17
Disposición adicional primeira. Precedencia dúas obxectivos establecidos no Proxecto Técnico	18
Disposición adicional segunda. Actuacións non eido dá distribución urbana de mercadorías	18
Disposición adicional terceira. Criterios para a aplicación progresiva e atenuada en cada fase	18
Disposición derogatoria	19
Disposición Final. Publicación e entrada en vigor	19
ANEXO. DELIMITACIÓN DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS.	19

PREÁMBULO

I

A cidade de Vigo conta cunha poboación censada de 302.574 habitantes, o que a converte no núcleo máis poboado de Galicia, incrementándose esta cifra ata case os 500.000 habitantes, se se ten en conta a área metropolitana formada polos 13 municipios circundantes, o que a sitúa como a decimosegunda área metropolitana en importancia en España.

II

A Lei 7/2021 de cambio climático e transición enerxética estableceu no seu art. 14.3 a obrigación dos municipios de máis de 50.000 habitantes de contemplar nos seus plans de mobilidade sostible o establecemento de zonas de baixas emisións antes de 2023.

Non obstante o prazo límite establecido para o cumprimento da citada obrigación legal, o Goberno do Estado aprobou a Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións (ZBE) e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no



Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como a súa correspondente convocatoria para o exercicio 2021.

O Concello de Vigo acolleuse á convocatoria correspondente ao exercicio 2022 ao abeiro da devandita orde.

III

Por Acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria do 19 de decembro de 2025 (Expte:142482/210) o Concello de Vigo aprobou definitivamente o Proxecto de Creación de Zonas de Baixas Emisións establecido polo art.10 do Real Decreto 1052/2022 ditado en desenvolvemento do art. 14.3 da Lei 7/2021.

IV

A presente ordenanza ten por obxecto o establecemento e regulación das zonas de baixas emisións na cidade de Vigo, de conformidade coas obrigacións establecidas na Lei 7/2021 e o Real Decreto 1052/2022, que constitúe o seu desenvolvemento regulamentario, e a normativa estatal e/ou autonómica concordante.

En particular, responde o mandato xeral de regulación da ordenación e control do tráfico a través do devandito instrumento específico previsto nos art. 7 e 18 do Texto Refundido da a Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade viaria (Real Decreto Lexislativo 6/2015).

V

Na súa configuración legal, as zonas de baixas emisións comprenden a elaboración e aprobación de dous instrumentos sucesivos en profunda correspondencia: o proxecto e a ordenanza.

No entanto, o seu alcance xurídico é ben distinto.

O proxecto é obrigada concreción técnica dos obxectivos xenéricos principais relativos á mellora da calidade do aire e mitigación do cambio climático, e no seu caso a promoción doutros como a calidade acústica, o impulso a modos de transporte máis sostibles e en xeral a maior eficiencia enerxética no uso dos medios de transporte.

A ordenanza, a dimensión regulamentaria do conxunto de medidas legalmente previstas (delimitación territorial das zonas, restricións ou prohibicións de acceso, circulación e estacionamento, réxime de autorizacións) con afectación directa para os dereitos e deberes do conxunto da cidadanía, para a consecución dos obxectivos previstos no proxecto.



Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

VI

O proxecto técnico de creación das zonas de baixas emisións aprobado pola Xunta de Goberno Local contempla catro zonas: Vigo-Centro, Praza de Portugal, Calvario e Bouzas.

É obxecto da presente ordenanza a ordenación da súa delimitación territorial, as fases de implantación, as medidas de control establecidas para cada unha delas, e o réxime de autorizacións xerais e especiais.

Trátase dunha ordenación especial da circulación de carácter permanente, suficiente para o cumprimento continuado e progresivo dos obxectivos sinalados no proxecto técnico, e proporcional aos mesmos. Iso sen prexuízo da súa revisión nos casos e termos previstos no bloque da legalidade vixente nesta materia.

En canto regulación especial, prevalece sobre calquera normas xerais de circulación ordinaria establecidas legal ou regulamentariamente, comprensivas da ordenanza xeral de circulación da cidade de Vigo, a de carga e descarga de mercancías e cantas outras regulen incidentalmente materias conexas, en canto estas resulten incompatibles con aquela.

VII

O proxecto técnico aprobado contempla, así mesmo, os sistemas de control de accesos e circulación nas devanditas zonas, cuxa implantación tamén é obxecto de regulación por ordenanza municipal.

VIII

Pero a efectiva consecución dos obxectivos globais de mantemento da calidade do aire e mitigación do cambio climático, eficiencia enerxética e calidade acústica no eido da mobilidade urbana pode e debe ser acadada de forma espontánea, con efectos inmediatos e continuados para o conxunto da cidadanía, mediante a utilización das tecnoloxías encadradas actualmente baixo a denominación de ITS COOPERATIVOS (C-ITS), sistemas intelixentes de transporte regulados no Real Decreto 662/2012, de 13 de abril, polo que se establece o marco para a implantación dos sistemas intelixentes de transporte (SIT) no sector do transporte por estrada e para as interfaces con outros modos de transporte.

Cabalmente entendidos, ditos obxectivos implican unha nova dimensión para a xestión do tráfico rodado: equiparar os estándares de seguridade esixibles na súa xestión por razón do risco inherente á circulación determinante da siniestralidade viaria, e de fluidez, comodidade e economía dos desplazamentos en vehículos a motor, aos de novo establecemento necesarios para conxurar os riscos que para o medio ambiente e a saúde pública se derivan do mesmo feito da circulación rodada.



Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

Produto da súa participación sucesiva, desde 2013, en proxectos europeos orientados á mencionada finalidade (COMPASS 4D, COGISTICS, P4ITS-C-MOBILE, C-ROADS, In2CCAM), o Concello dispón desde 2019 no seu centro de control dunha plataforma de xestión do tráfico de vehículos e peóns con capacidade bastante para garantir un nivel de servizo acorde ás novas esixencias derivadas do cambio climático e a transición enerxética.

Coa expresada finalidade, engádese á creación das catro zonas de baixas emisións a obrigación de adopción dun plan estratéxico de acción de alcance xeral, VIGO ECODRIVING 2030.

IX

A presente ordenanza estruturase en catro capítulos, integrados por un total de catorce artigos, e complétase con tres disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e unha disposición final.

X

A ordenanza responde aos principios de boa regulación recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Aos principios de necesidade e eficacia, porque persegue a consecución dun interese xeral específico, ten obxectivos inequívocos cuantificados alienados a tal fin e é o instrumento legal específico demandado para ese efecto,

Ao de proporcionalidade, porque a delimitación territorial e as medidas propostas constitúen un todo unitario e indivisible atendendo a criterios de poboación, necesidades de mobilidade, usos urbanísticos, e comprobación da situación de partida en canto á calidade atmosférica e os seus determinantes.

Á dimensión máis específica da seguridade xurídica, porque constitúe unha regulación estable, predicible, integrada, clara e de certeza, que facilita o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións vinculadas a esta materia polo conxunto da cidadanía.

Ao principio de eficiencia, porque non institúe cargas administrativas innecesarias, nin alteración algunha na adecuada asignación dos recursos dedicados.

XI

A implantación das zonas de baixas emisións por medio da aprobación da presente ordenanza presenta tamén un balance positivo en termos das obrigacións legais de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira nos termos establecidos pola Lei orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e a Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Así ponse de manifesto no informe da Intervención Xeral de 29 de agosto de 2025 relativo á aprobación do proxecto técnico aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local por acordo de 19 de decembro de 2025.



Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

*CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS***Artigo 1 Obxecto.**

1. A presente ordenanza ten por obxecto a delimitación e implantación das zonas de baixas emisións na cidade de Vigo, en cumprimento do mandato legal establecido no art. 14.3 da Lei 7/2021 de cambio climático e transición enerxética, no Real Decreto 1052/2022 que constitúe o seu desenvolvemento regulamentario, e no Proxecto Técnico aprobado pola Xunta de Gobierno Local en sesión ordinaria do 19 de decembro de 2025.

Así mesmo, ten por obxecto caodxuvar de forma inmediata e efectiva aos citados obxectivos legais procurando o uso xeneralizado dos modernos estándares europeos de xestión do tráfico identificados como sistemas intelixentes de transporte cooperativos (C-ITS).

2. Todos os conceptos xurídicos comprendidos na presente ordenanza deberán ser entendidos no sentido preciso que para os mesmos establezan as normas legais e regulamentarias que lles prestan fundamento, constituídas sen propósito exhaustivo polas mencionadas no apartado anterior, a lexislación de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, as normas básicas do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as normas de dereito privado en canto resulten pertinentes.

3. A regulación que se establece resulta conforme e integrada cos principais instrumentos de planificación municipal da que forma parte, constituídos polo Plan Xeral de Ordenación Municipal, o Plan de Mobilidade Urbana Sostible, a Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado “Vigo Vertical”, a Axenda Urbana Vigo 2030, e a Ordenanza reguladora do estacionamento controlado e limitado en superficie (zona XER).

Artigo 2 Actividade regulada.

1. Esta Ordenanza é de aplicación en todo o ámbito territorial ao que se refire o artigo 5 respecto de a circulación e os demais usos e actividades que se realicen nas vías, espazos e terreos urbanos aptos para a circulación, ás vías e terreos que sen ter tal aptitude sexan de uso común, así como ás persoas usuarias de tales vías, espazos e terreos, entendendo por tales aos peóns, quen conduza toda clase de vehículos e calquera outra persoa que os utilice ou realice actividades sobre eles.

2. O establecemento das catro zonas de baixas emisións responde os principios de incidencia ambiental e conciliación das esixencias legais derivadas de necesaria correlación dos obxectivos propios da mobilidade sostible e a economía sostible.

Artigo 3 Réxime temporal de entrada en vigor.

1. O establecemento das zonas de baixas emisións estrutúrase temporalmente en tres fases sucesivas e unitivas, cunha duración cada unha delas de dous anos.



Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

A primeira das devanditas fases comeza o día de entrada en vigor da ordenanza, e as outras dúas na mesma data do ano sucesivo correspondente.

2. A primeira fase aplica unicamente aos vehículos sen distintivo ambiental (Vehículos A) conforme a clasificación establecida no apartado E do Anexo II do Real Decreto 2822/1998 do 23 de decembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos, ou normas que a substitúan.

A segunda fase, aos vehículos A e aos vehículos con distintivo ambiental B (Vehículos B).

A terceira e última fase, aos vehículos con distintivo ambiental A, B e C (Vehículos C).

3. O primeiro ano de cada unha das tres fases, computado desde a data da súa entrada en vigor ata o día inmediato anterior da mesma data do segundo ano, establécese un réxime de aplicación atenuado presidido polo seguimento puntual do acceso ás devanditas zonas a través dos sistemas de vixilancia establecidos nesta ordenanza, e accións públicas de información e concienciación xeral para a consecución dos obxectivos establecidos no artigo 1, e en particular de advertencia oficial aos usuarios afectados polas restricións que se establecen.

Artigo 4 Réxime de utilización.

O réxime de acceso, circulación e estacionamento nas zonas de baixas emisións estrutúrase sobre unha prohibición xeral de acceso, e as autorizacións de excepción á mesma nos termos establecidos nesa ordenanza.

CAPÍTULO II

Artigo 5 Delimitación.

1. Constitúense as seguintes zonas de baixas emisións:

- a) Centro
- b) Praza de Portugal
- c) Calvario
- d) Bouzas

2. O ámbito de aplicación de cada unha das catro zonas é o descrito no Anexo.

3. A creación, modificación ou supresión das zonas de baixas emisións queda sometida á potestade de ordenanza municipal.

Artigo 6 Réxime xeral.

Conforme ao establecido no artigo 3, establécese con carácter xeral a prohibición de circulación de mero tránsito polo perímetro interior das catro zonas de baixas emisións establecidas no artigo 5, así como o acceso ás mesmas con propósito distinto do réxime de autorizacións de excepción establecido nesta ordenanza.



Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

Artigo 7 Autorización xeral.

Non obstante o establecido no artigo 6, están autorizados para o acceso, circulación e estacionamento nas zonas de baixas emisións quen á entrada en vigor da presente ordenanza cumpran algún dos seguintes requisitos:

a) Con independencia do domicilio do titular do vehículo ou vehículos, do motivo de mobilidade e da súa orixe e destino, os vehículos que cumpran as seguintes condicións:

1ª Que se atopen domiciliados nunha das zonas de baixas emisións no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico;

2ª Que figuren de alta no padrón do imposto de vehículos de tracción mecánica.

b) Os vehículos dos que dispoñan as persoas empadroadas no ámbito territorial dunha das zonas de baixas emisións, en réxime de propiedade, usufruto, renting, leasing, arrendamento, retribución en especie ou como vehículo de substitución e doutras persoas invitadas por estas.

c) Os vehículos adscritos a unha actividade económica que indiquen as empresas e autónomos cuxa actividade empresarial, profesional ou comercial exérgase nun local ou oficina situada no interior dalgunha das zonas de baixas emisións.

d) Os vehículos, destinados ao transporte de persoas titulares de cartón de estacionamento para persoas con mobilidade reducida (PMR).

e) Os vehículos adscritos aos servizos públicos esenciais, que comprenderán en todo caso os da Policía Local, Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, Protección Civil, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Policía Autonómica, servizos sanitarios, e demais esenciais que así se acorde pola Xunta de Goberno Local.

f) As motocicletas, os ciclomotores, e os vehículos de tres rodas asimilables a ciclomotores ou a motocicletas en horario de sete a vinte e dúas horas (7:00h – 22:00h).

g) Os vehículos de mobilidade persoal.

h) Os vehículos que teñan a condición legal de históricos conforme ao establecido no Real Decreto 892/2024, do 10 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de Vehículos Históricos.

Artigo 8 Autorizacións especiais.

Non obstante o establecido no artigo 6, permítese o acceso e a circulación polas zonas de baixas emisións aos seguintes vehículos, en función da razón de acceso e circulación, ou a actividade a realizar:

1º. Os vehículos das Administracións Públicas ou os seus contratistas que presten servizos públicos básicos como transporte colectivo de viaxantes, limpeza viaria, recollida de residuos, mantemento e conservación de vías públicas, zonas verdes, instalacións, patrimonio municipal e outros servizos municipais en xestión tanto directa como indirecta.



Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

2º. Os vehículos industriais debidamente rotulados e identificados das empresas, e os seus contratistas, que presten servizos de urxencias na vía pública sobre subministración de auga, gas, electricidade ou telecomunicacións.

3º. Os autobuses que dean servizo aos establecementos ou institucións situados na zona de baixas emisións.

4º. Os vehículos autotaxi.

5º. Os vehículos turismo de arrendamento con condutor.

6º. Os vehículos de empresas, sexan estas persoas físicas ou xurídicas, e de profesionais que presten servizos ou entreguen ou recollan subministracións.

7º. Os vehículos que indiquen quen dispoña, en calidade de propietarios, usufrutuarios ou por calquera outro título, de prazas de aparcamento particulares.

8º. Os vehículos que accedan aos talleres de reparación de vehículos.

9º. Os vehículos necesarios para a realización de ocupacións e actos na vía pública autorizados polo Concello de Vigo.

10º. Vehículos que accedan á zona de baixas emisións para acceder a servizos públicos de saúde ou para deixar ou recoller alumnos de educación infantil e primaria así como aos alumnos de secundaria, cuxas necesidades así o esixan.

11º. Vehículos de persoas traballadoras de establecementos do interior das zonas de baixas emisións con horario nocturno, cando o horario de entrada ou saída do lugar de traballo estea comprendido entre as cero horas e as sete horas e trinta minutos, no expresado lapso de tempo.

12º. Os restantes vehículos, unicamente para estacionar nun aparcamento de uso público ou privado, na zona de estacionamento limitado e controlado en superficie mediante parquímetros, ou por reserva de estacionamento, situados no interior da zona de baixas emisións.

Entenderase comprendido neste ordinal, en todo caso, o acceso ás reservas de estacionamento hoteleiras exclusivamente para a actividade de control e saída de clientes.

Artigo 9 Carga e descarga de mercadorías

1. A actividade de carga e descarga de mercadorías non interior das zonas de baixas emisións axustarase á vixente ordenanza municipal reguladora das operacións de carga e descarga de mercadorías nas vías urbanas publicada no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra de 23 de xuño de 2008, coas particularidades establecidas na presente ordenanza.

2. No horario habilitado conforme á ordenanza municipal de carga e descarga para a realización da actividade, permítese ou acceso e circulación unicamente co expresado propósito.



Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

3. Aos mesmos efectos do exercicio da actividade de carga e descarga no interior das zonas de baixas emisións, permíttese a utilización de motocicletas, ciclomotores, vehículos de tres rodas asimilables a ciclomotores ou a motocicletas ciclos, bicicletas e vehículos de mobilidade persoal.

A utilización desta clase de vehículos coa expresada finalidade non está suxeita ao horario establecido para a actividade de carga e descarga.

CAPÍTULO III

Artigo 10 Sistema de Xestión de Accesos

1. As autorizacións reguladas nos artigos 7, 8 e 9 quedan sometidas en canto á súa obtención ao réxime xeral de declaración responsable establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. As autorizacións do artigo 7 terán unha duración permanente, a salvo o cambio de circunstancias que determinaron conforme á presente ordenanza a súa obtención.

3. As autorizacións dos ordinais 1º a 7º, 10º e 11º do artigo 8, e as do artigo 9 terán unha duración de tres anos, sen prexuízo de sucesivas prórrogas, condicionada ó mantemento das circunstancias que determinaron conforme á presente ordenanza a súa obtención.

4. As autorizacións dos ordinais 8º, 9º e 12º do artigo 8 terán a duración que resulte do tempo indispensable para a realización do motivo de acceso ou o exercicio da actividade respectivamente.

5. Non están suxeitas ao réxime de declaración responsable as autorizacións establecidas nos apartados f) e g) do artigo 7.

O seu control corresponderá, en canto resulte pertinente, aos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico.

6. Para os efectos de xestión das autorizacións de acceso establecidas na presente ordenanza, no prazo máximo de dous meses desde a data da súa entrada en vigor o órgano competente en materia de xestión das zonas de baixas emisións poñerá ao dispor de todos os interesados, na sede electrónica do Concello de Vigo, unha aplicación informática gratuíta que permita para todo tipo de soportes electrónicos de comunicación o acceso á súa regulación legal, e realizar cantas xestións precisen sobre o réxime de acceso e utilización das mesmas.

A aplicación responderá por deseño e operatividade aos principios de simplicidade e accesibilidade de uso, e de mínima carga administrativa, asegurando o seu uso intuitivo e priorizando a automatización dos procedementos.

7. En idéntico prazo do apartado anterior e aos mesmos efectos, poñerase ao dispor dos interesados o modelo normalizado de presentación das declaracións responsables, que será obrigatorio conforme ao establecido no artigo 66 da Lei 39/2015.



Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

Artigo 11 Sinalización das zonas de baixas emisións.

A sinalización das zonas de baixas emisións axustarase ao establecido para ese efecto no artigo 14 do Real Decreto 1052/2022.

Artigo 12 Etiqueta ambiental

Por razóns de inmediatez e dispoñibilidade continuada para todos os interesados do sistema de control da cualificación ambiental de todos os vehículos rexistrados no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico, non se establece a obrigatoriedade da utilización das correspondentes etiquetas ambientais reguladas no Real Decreto 2822/1998 do 23 de decembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos

Artigo 13 Sistema de vixilancia e control.

O control do cumprimento das disposicións desta ordenanza respecto ao acceso de vehículos ás zonas de baixas emisións da cidade realizarase mediante a aplicación informática do artigo 10.6 combinada con dispositivos automáticos de lectura de matrículas de captación de imaxes, tales como cámaras dotadas de lector OCR, foto-vermello ou medios tecnolóxicos similares, con suxeición ao disposto na Disposición Adicional Oitava da Lei Orgánica 4/1997, do 4 de agosto, pola que se regula a utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos en relación coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Privados e garantía dos dereitos dixitais; iso sen prexuízo dos controis realizados polos axentes da Policía Local encargados da vixilancia do tráfico.

Para ese efecto estarase ao disposto no proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno Local do 19 de decembro de 2025.

CAPÍTULO IV**Artículo 14 Creación do Vigo ECODRIVING 2030**

1. Con data límite de 31 de agosto de 2028 a Xunta de Goberno Local aprobará un plan de actuación estratéxico, Vigo ECODRIVING 2030, co obxectivo de trabar na xestión global da mobilidade unha relación de obrigada identidade entre os parámetros de circulación vinculados á seguridade, fluidez, comodidade e economía dos desplazamentos, e os que correspondan establecer para contribuir á consecución dos obxectivos previstos no artigo 3 e concordantes do Real Decreto 1052/2022 e na Directiva (UE) 2024/2881 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 23 de octubre de 2024, sobre la calidad del aire ambiente y una atmósfera más limpia en Europa (versión refundida), derivadas do mesmo feito da circulación de vehículos a motor.

2. O programa VIGO ECODRIVING 2030 resultará de aplicación en todo o termo municipal para todos os conductores, peóns, ciclistas, viaxantes do transporte público e demais usuarios que circulen polas vías urbanas.



Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

Artículo 15 Principios xerais.

1. A realización dos obxectivos previstos no apartado 1 do artigo anterior procurárase, como mínimo, a través dos seguintes medios:

1º. Fomentando o uso xeneralizado das aplicacións C-ITS xa dispoñibles no centro de xestión da mobilidade do Concello, que permita a condución máis eficiente posible e que os propios condutores avalíen esa condución cun sistema de rating.

2º. Dispoñendo aos xestores de mobilidade a monitorizar a mellora agregada en emisións derivada da devandita condución máis eficiente, valéndose para ese efecto das mellores técnicas dispoñibles en cada momento.

3º. Habilitando incentivos aos condutores que demostren unha condución máis eco-eficiente e baixa en emisións derivada dunha condución máis suave, evitando aceleracións e freadas bruscas.

4º. Millorando a eficiencia dos medios de transportes máis sostibles.

2. Os incentivos a condutores eco-eficientes poderán traducirse, entre outros beneficios, en redución de taxas municipais, bonificación para uso en estacionamento regulado de superficie ou acceso ás ZBE, independentemente da etiqueta ambiental do vehículo.

CAPÍTULO V**Artigo 16 Réxime sancionador.**

1. As accións e omisións contrarias ao disposto na presente ordenanza serán constitutivas de infracción nos casos establecidos no Texto Refundido da Lei de Tráfico, Circulación de vehículos de motor e seguridade viaria aprobado polo Real Decreto Legislativo 6/2015.

Axustarase tamén á lexislación de tráfico o procedemento para seguir para a determinación das correspondentes responsabilidades, así como a imposición das sancións a que houbese lugar.

2. Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, o incumprimento do réxime de declaración responsable para o acceso ás zonas de baixas emisións axustarase ao establecido no artigo 69 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A estes mesmos efectos, establécese nun ano o tempo de prohibición para instar un novo exercicio da actividade de acceso.

Disposición adicional primeira. Precedencia dúas obxectivos establecidos no Proxecto Técnico.

A efectiva consecución e mantemento dúas obxectivos relativos á mellora da calidade do aire e mitigación do cambio climático, exposición ao ruído, cambio a modos de mobilidade máis sostibles e promoción da eficiencia enerxética establecidos non Proxecto Técnico de 19

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: EK9830WXYZZNT387



Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

de decembro de 2025 condicionará o mantemento, modificación ou supresión das medidas de regulación establecidas na ordenanza.

Disposición adicional segunda. Actuacións non eido dá distribución urbana de mercadorías.

Á vista da entrada en vigor dá Lei 9/2025 de 3 de decembro de Mobilidade Sostible, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor da presente ordenanza a Xunta de Goberno Local impulsará en colaboración coas asociacións representativas da actividade do transporte urbano de mercadorías, actuacións conducentes a analizar e avaliar a adecuación do sistema actual ás necesidades dunha mobilidade sostible para unha economía igualmente sostible (art. 2 dá Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sostible).

Disposición adicional terceira. Criterios para a aplicación progresiva e atenuada en cada fase.

A efectos do establecido no apartado 3 do artigo 3, o órgano municipal competente en materia de xestión das zonas de baixas emisións facilitará ou enviará ás persoas titulares dos vehículos que fosen detectados, unha comunicación de carácter meramente informativo co seguinte contido mínimo:

- a) As razóns que motivaron a regulación da respectiva zona de baixas emisións nese ámbito concreto.
- b) A data prevista para a súa efectiva operatividade.
- c) O tipo de sanción e contía da multa a partir da posta en funcionamento efectivo do sistema de control da zona de baixas emisións.
- d) A necesidade de protexer a saúde e a seguridade das persoas así como do resto de obxectivos das zonas de baixas emisións.
- e) A dirección web en que se atopa dispoñible a información da súa regulación.

Disposición adicional cuarta. Medios de implantación do VIGO ECO-DRIVING 2030

A aprobación do programa VIGO ECO-DRIVING 2030 non implicará incremento da asignación presupuestaria nin modificación da dotación actual dos postos de traballo asignados ao órgano competente en materia de xestión do tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

Disposición adicional quinta. Adecuación do uso dos vehículos de mobilidade persoal.

A utilización dos vehículos de mobilidade persoal polas zonas de baixas emisións axustarase as condicións establecidas na ordenanza municipal reguladora dos vehículos de mobilidade persoal.



Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

Disposición derogatoria.

Á entrada en vigor da presente ordenanza, quedan derogados as Resolucións de data 8 de xaneiro de 2010, ditadas polo Concelleiro Delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, relativas á regulación da circulación de vehículos no ámbito do Casco Vello Alto (Expte. 77287/210) e Casco Vello Baixo (Expte. 77288/210), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 13, de 21 de xaneiro de 2010.

Disposición Final. Publicación e entrada en vigor

A presente ordenanza publicarase e entrará en vigor na forma e prazos establecidos para ese efecto polo apartado 2 do artigo 70 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local.

ANEXO. DELIMITACIÓN DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS

As catro zonas de baixas emisións (ZBE) comprenderán o espazo interior delimitado polo perímetro formado polas seguintes vías:

ZBE Centro:



Rúa Cánovas del Castillo

Rúa de Carral

Rúa Victoria

Rúa Colón

Rúa de Urzaiz

Rúa de Magallanes




Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

Rúa de Gil
Rúa Rolda de Don Bosco
Rúa Cachamuiña
Paseo de Granada
Rúa Falperra
Rúa de Pi e Margall
Rúa Llorente
Rúa Santa Marta
Rúa Conde de Torrecedeira
Rúa do Gaiteiro Ricardo Portela
Avenida de Beiramar

Está conformada por un perímetro lonxitudinal de 3,7 km, cunha superficie de 39 ha. Dispón de 14 vías de entrada, e de 10 vías de saída.

ZBE Plaza Portugal:


Rúa de Urzaiz
Rúa de Lepanto
Rúa de Alfonso XIII
Rúa Uruguai
Rúa República Argentina
Rúa Cervantes



Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

A ZBE está configurada por 3 vías de entrada e 4 vías de saída. O seu perímetro é de 1,1km, cunha superficie de 4 ha.

ZBE Calvario:

Rúa Jenaro de la Fuente
Avenida Martínez Garrido
Rúa Palencia
Rúa do Doutor Carracido
Rúa José Antela Conde
Rúa de Andalucía
Rúa de San Roque
Rúa Gregorio Espino

O perímetro da ZBE Calvario é de 2 km, cunha superficie de 14 ha. A configuración de accesos ven dada por 6 vías de entrada e 7 vías de saída.



Luns, 3 de agosto de 2026

Núm. 146

ZBE Bouzas:

Rúa de Paz Andrade
Rúa Eduardo Cabello
Avenida Beiramar
Rúa Simancas
Rúa Camilo Veiga
Avenida da Atlántida
Rúa Casiano Martínez

O perímetro da ZBE ten unha lonxitude de 2km, cunha superficie de 17 ha. En canto aos accesos, dispón de 9 vías de entrada e 5 vías de saída.

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e praxe do Excmo. Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo á data da sinatura dixital.

JVF/sc

Vo e Pr.

O ALCALDE,

